

O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal desexa manifestar a súa repulsa ao veto imposto polo Partido Popular á comparecencia do Profesor Pablo Serret Ituarte ante a comisión de Ciencia e Tecnoloxía do Congreso dos Diputados.

O Profesor Serret foi convocado pola Presidencia do Congreso para comparecer ante dita comisión como primeiro asinante da carta publicada en *Science* cuestionando a xestión gubernamental da catástrofe do *Prestige*, comparecencia aprobada por unanimidade o día 4 de Marzo do 2003.

Con posterioridade o grupo parlamentario popular solicita a modificación da orde do día para evitar dita comparecencia argumentando que a opinión do Prof. Serret non é representativa dos asinantes, cuestiona que poda aportar información “veraz, independente y plural”, e califica a súa opinión de sesgada e subxetiva.

O Departamento desexa suliñar que o contido da carta publicada en *Science* e asinada por 422 científicos mariños españois non representa opinións persoais subxectivas sinón opinións críticas basadas en evidencias e argumentos científicos, e respaldadas por expertos internacionais de máximo nivel no eido da Oceanografía.

Vigo, 17/03/2003